

III na UVigo

Día Internacional da Muller e da Nena na Ciencia

Ilustración: Marta Riera. Diseño: Área de Imaxe. Vicerreitoría de Comunicación e Relacións Institucionais



Organiza:

Universidade de Vigo

Coa colaboración de:



GOBIERNO
DE ESPAÑA

MINISTERIO
DE CIENCIA
E INNOVACIÓN

FECYT
INNOVACIÓN



Universidade de Vigo

Día Internacional da Muller e da Nena na Ciencia

«As mulleres estamos a mudar o mundo. Conseguimos mudar as formas de mirar e de investigar. Agora vemos e vémonos.»

Docentes e investigadoras, xunto coa Unidade de Cultura Científica e da Innovación e a Unidade de Igualdade da Universidade de Vigo, conmemoran con diversas actividades o Día Internacional da Muller e da Nena na Ciencia.

O obxectivo é darlle visibilidade ao traballo das mulleres nestes eidos, crear referentes femininos no campo da ciencia e da enxeñaría, e promover prácticas que favorezan a igualdade de xénero.

Charlas da iniciativa 11 de febreiro

Ao longo do mes de febreiro, un total de 37 investigadoras e dous investigadores da Universidade de Vigo ofreceranlles, a 35 centros educativos de toda Galicia, 65 charlas presenciais e virtuais sobre o seu traballo e sobre o papel da muller na ciencia e na tecnoloxía. Estas enmárcanse na Iniciativa 11 de febreiro, que se organiza no ámbito nacional con motivo desta efeméride, e contan co apoio da Unidade de Cultura Científica e da Innovación na súa xestión.

Charla interxeneracional

Na tarde do mércores 9 de febreiro terá lugar en Vigo unha charla interxeneracional na que catro investigadoras da Universidade de Vigo compartirán as súas experiencias como mulleres na ciencia.

Este evento dará comezo ás 19.00 horas no segundo andar do edificio Redeiras, sede institucional da Universidade de Vigo no Berbés, e será de acceso libre ata completar a capacidade.

Moderará Mónica Valderrama Santomé, vicerreitora de Comunicación e Relacións Institucionais, e contará coa intervención das seguintes investigadoras:

- Talía Rodríguez Martelo, docente e investigadora do Departamento de Comunicación Audiovisual e Publicidade
- Cristina Delgado Núñez, docente e investigadora do Departamento de Ecoloxía e Bioloxía Animal
- Susana Reboreda Morillo, docente e investigadora da Área de Historia Antiga
- Carmen García Mateo, catedrática de Teoría do Sinal e Comunicións e investigadora de atlanTTic

Bravxs

Dende a Unidade de Igualdade tamén quixeron traballar cos colexios da contorna para ofrecer referentes femininas na ciencia. Para isto, enviaron aos 324 colexios públicos de primaria das provincias de Pontevedra e Ourense a colección de caretas, ilustradas por Marta Riera, ex-profesora da Facultade de Belas Artes, coas que a Unidade pretende dar visibilidade a mulleres destacadas no mundo da ciencia e a enxeñaría.

Ademais veñen de incorporarse catro novas figuras a esta colección: Katherine Johnson, Katalin Karikó, Valentina Tereshkova e Margaret Hamilton.

Elas Fan CienTec

A sexta edición deste programa de obradoiros para rapazas de secundaria realizarase a mañá do 11 de febreiro con catro centros educativos da provincia de Pontevedra. Este proxecto está organizado por docentes e investigadoras da Universidade de Vigo, xunto coa Unidade de Cultura Científica e da Innovación e a Unidade de Igualdade.

Actividades

Centro de Investigacións Biomédicas (Cinbio) e IES Illa de Tambo

- Un día entre moléculas
- Síntese de nanopartículas en disolución
- Propiedades dos materiais na escala dos nanómetros
- Avaliar a resposta inmunitaria no laboratorio
- Cromosomas sexuais e herdanza ligada ao sexo. Experimentos con *Drosophila melanogaster*

Escola de Enxeñaría de Telecomunicación e IES Antón Alonso Ríos

- Lego Robotics
- Programación dun xogo con Scratch
- Introducción á programación web e ao seu funcionamento

Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía e IES do Castro

- Xincana Science Games: Catching Fire
- Concurso grupal The Wall
- Física e astrofísica para explicar o universo
- A febre dos materiais
- Os minerais, testemuñas da historia: desde Altamira ata a arte urbana!

Escola de Enxeñaría Industrial e IES Valadares

- Termografía infravermella
- Deseño e prototipado
- Espazo de exposición Open Lab

eXXperimenta en Feminino

Este proxecto está destinado ao alumnado da provincia de Ourense e público en xeral. Os obradoiros terán lugar o 11 de febreiro de 11.30-17.00 h. na rúa do Paseo (Ourense).

Actividades

- Vendo o invisible
Ver microorganismos da auga. Presentar os nosos compañeiros invisibles, para ben e para mal. Os problemas do abuso dos antibióticos e da xeración de resistencias a eles.
- Quimirizando
Química e valorización. Na busca do valor oculto da biomasa. Contra o envellecemento celular: antioxidantes naturais e hidroxeles. Alimentando o noso segundo cerebro: obtención de prebióticos. MegaBlocks: obtención de compostos base para a enerxía do futuro.
- A maxia do solo
Pequenos experimentos que amosan as propiedades do solo.
- A cor na ciencia
Separación de colorantes alimentarios. Crear o teu arco da vella nunha botella.
- Resolver o quebracabezas do clima
Actividades para mostrar algunhas curiosidades da meteoroloxía e da oceanografía e algúns dos efectos que ocasiona o cambio climático. Como se forman as nubes e os tornados? Canto pode subir o nivel do mar?
- Descubrindo a sustentabilidade na agricultura e na apicultura
Coñecer a orixe do mel para obter un produto de calidade diferenciada e métodos de loita insectfriendly contra a avésa asiática para unha apicultura sostible. Alternativas sostibles para diminuír o emprego de fitosanitarios no cultivo da pataca. Uso de variedades resistentes a enfermidades fúnxicas e emprego da aerobioloxía e axuste de modelos de predición.
- Como voa un avión?
A aerodinámica dos avións: simulación nun túnel de vento.
- Ti podes programar!
Aprender a programar con ferramentas sinxelas que permitirán crear pequenos videoxogos ou dirixir avatares.
- Saúde e ciencia
Coñeces o teu grupo sanguíneo? Canto ar tes nos pulmóns? Lavas ben as mans? Sabes que podes salvar unha vida?
- Saca partido do residuo
Sabías que os residuos poden ter unha segunda vida?